



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 30 DE ABRIL DE 2014.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as doce horas e trinta minutos do día trinta de abril do ano dous mil catorce, tivo lugar, en segunda convocatoria por non haber quorum na primeira, a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D. Miguel A. Español Otero
- D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez
- D^a. Teresa Vicente Baz
- D. Manuel Javier Crespo González
- D. Antonio Lomba Baz

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- SUBVENCIONES

Vista a Orde do 1 de abril de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a execución de infraestruturas de uso público, destinadas aos concellos de Galicia, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nomarco do programa operativo Feder-Galicia 2007-2013, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Solicitar unha subvención ó abeiro desta Orde para o proxecto denominado "Creación e adecuación de espazos para a infancia" cun orzamento total de 48.234,64 €.
- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos en dita Orde.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

PUNTO 2.- ACORDOS

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte relación de actos de especial relevancia que se van a levar a cabo no Auditorio de San Bieito acolléndose a excepcionalidade que recolle a Ordenanza Xeral de Ruidos pola cal "...o Concello poderá autorizar unha ampliación determinada de carácter temporal e xustificada, nos niveis máximos no ambiente exterior, en puntos determinados do termo municipal, atendendo a eventos singulares programados tales como celebracións, feiras, festas ou manifestacións, ó mesmo tempo que se darán as ordes precisas para reducir ó máximo as molestias ós cidadáns." Asimesmo acorda notificar este acordo ó Hotel Convento San Benito e poñelo en coñecemento dos veciños mediante un Bando de Alcaldía.

A relación de actos que se van a levar a cabo no Auditorio San Bieito durante o verán son:

DATA HABITUAL DE CELEBRACIÓN	DATA CELEBRACIÓN 2014	NOME DO ACTO- ORGANIZADOR- DESCRICIÓN
17 DE MAIO	17 DE MAIO	FESTIVAL DAS LETRAS GALEGAS. <i>Organiza: Agrupación Cultural Guardesa</i> Desfile de grupos folclóricos entre a Alameda e San Bieito, onde se fai a entrega de premios no Concurso de Debuxo e Redacción. En horario de tarde, a partir das 17:30 horas.
INICIOS DE XUÑO	8 DE XUÑO	DESFILE DO TRAXE GALEGO <i>Organiza: Asociación pola recuperación do Traxe Galego</i> Desfile de traxes rexionais entre a Alameda e San Bieito, onde se fai exhibición dos mesmos. En horario de tarde, a partir das 17:30 horas.
XUÑO-XULLO	28 de XUÑO	FESTIVAL FOLCLÓRICO LUSO- GALAICO XAMARAINA <i>Organiza: A.C. Xamaraina.</i> Festival de baile folclórico no que participan grupos locais e grupos invitados de Galicia e Portugal. Celebrase ás 20:30 h.
	29 DE XUÑO	FESTIVAL DE TITERES "TITIRICIRCUS" <i>Organiza: Concello da Guarda – AGADIC</i> <i>A partir das 20:30 horas</i> Commemoración do VIII centenario da peregrinación de San Francisco de Asís, AGADIC organiza o circuito cultural "Cultura no Camiño" con representacións escénicas na rúa
XUÑO-XULLO	13 DE XULLO	FESTIVAL DE BAILE MODERNO XAMARAINA <i>Organiza: A.C. Xamaraina.</i>



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

		Exhibición de baile modernono que participan un gran número de nenas da vila (grupo Xamaraina e alumnos dos colexios) Celebrase ás 20:30 horas.
En torno ó 25 de Xullo	27 DE XULLO	ENCONTRO DOS POBOS <i>Organiza: A.C. Do Lusco ó Fusco</i> Festival Folclórico Internacional que se celebra dende hai máis de 20 anos en todos os concellos do Baixo Miño (Oia, Tomiño, Tui, O Rosal e A Guarda) Ten carácter internacional, xa que participan grupos extranxeiros e doutras rexións de España. Horario nocturno. A partires das 20:30 h.
	18 DE XULLO	OBRA TEATRAL GO - ON <i>Organiza: Concello da Guarda</i> A partir das 20:30 horas Obra de teatro dirixida a tódolos públicos
	14 DE AGOSTO	FESTIVAL DE MAXIA E MÚSICA <i>Organiza: Concello da Guarda – AGADIC</i> <i>A partir das 22:00 horas</i> Commemoración do VIII centenario da peregrinación de San Francisco de Asís, AGADIC organiza o circuito cultural “Cultura no Camiño” con representacións escénicas na rúa
ÚLTIMO FIN DE SEMANA DE AGOSTO	23 DE AGOSTO	FESTIVAL DE BANDAS VILA DA GUARDA <i>Organiza: Agrupación Musical da Guarda.</i> Concerto de bandas de música, no que participan a lomenos 4 bandas musicais procedentes de distintos lugares de Galicia, no que a <i>Banda Guardesa</i> participa como anfitriona. A partir das 19 horas

Ademais dos eventos sinalados haberá que ter en conta aqueles que programe a Asociación o Cancelón con motivo das Festas do Monte

Lese o escrito RE 1.495 de data 21 de marzo de 2014, presentado por D. ENRIQUE PORTELA FERNANDEZ, en representación de BLUDYS, S.L., con enderezo na rúa Manuel Alvarez, nº 14 da Guarda, solicitando a anulación do recibo de consumo de auga municipal do 4º trimestre do 2013 do obxecto tributario Manuel Alvarez, nº 14 debido a que houbo unha perda de auga por avaría.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda denegar a solicitude toda vez que a causa pola que se produxo o consumo excesivo é allea ás responsabilidades do Concello.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 1.699 de data 2 de abril de 2014, presentado por DNA. AMPARO VICENTE VICENTE, con enderezo na rúa 3ª Transv. Baliños, nº 16 da Guarda, solicitando a revisión do contador e anulación do recibo de consumo de auga do 4º trimestre de 2013 do obxecto tributario 3ª Transv. Baliños, nº 16 xa que considera dito consumo excesivo.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda denegar a solicitude toda vez que o contador funciona correctamente e a causa do consumo excesivo é allea ás responsabilidades do Concello.

Lese o escrito RE 4.713 de data 2 de setembro de 2013, presentado por D. LUIS SANFRUTOS GONZÁLEZ, con enderezo na rúa Transv. Baliños, nº 11 da Guarda, solicitando a revisión do contador de consumo de auga municipal do obxecto tributario Transv. Baliños, nº 11 xa que se producen lecturas erróneas.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda anular os recibos que se emitiran dende esta reclamación e que se proceda á emisión doutros novos pola media ponderada.

Lese o escrito RE 1.494 de data 21 de marzo de 2014, presentado por Dª. Mª CANDELARIA SILVA GONZÁLEZ, con enderezo na rúa Julian López, nº 3-baixo da Guarda, solicitando a revisión do contador de consumo de auga municipal do obxecto tributario Julian López, nº 3-baixo e a anulación do recibo do 4º trimestre de 2013 xa que se produciu unha lectura excesiva.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda anular o recibo correspondente ó 4º trimestre de 2013 e emitir un novo pola media ponderada.

Dase conta do escrito RE 2.177 de data 24 de abril de 2014, remitido pola XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, para informar da presenza dunha colonia de andoriña das barreiras nos depósitos de area procedente do dragado do ferry no lugar da Pasaxe en Camposancos e da imposibilidade de extraer area da zona ata que as crías abandonen o lugar, previsiblemente en agosto.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 23 de abril de 2014, comunicando o auto ditado o 9 de abril de 2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra na peza de inexecución de sentenza nº 33/2013, promovida polo Concello da Guarda e dimanante dos autos do recurso contencioso-administrativo nº 118/10 entablado por D. José Alberto González Vicente contra o acordo de Xunta de Goberno Local do Concello da Guarda o 22 de febreiro de 2010 polo que se concedeu licenza de obras á Entidade Discoteca Enjoy A Guard, S.L. para acondicionamento de local para discoteca na rúa Manuel Álvarez.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido do auto que se comunica e acorda dar traslado á oficina técnica municipal para a súa unión ó expediente administrativo.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 23 de abril de 2014, comunicando a sentenza ditada o 11 de abril de 2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 418/12 entablado por D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro contra resolución da Xunta de Goberno Local de 23.10.2012 pola que se rechaza a denuncia urbanística presentada o 20 de xullo de 2012 pola que se denuncia obras realizadas por D. Jesús Alvarez Sobrino en edificio de vivendas sito na rúa San Roque de A Guarda, denuncia que foi desestimada por exercizo abusivo da acción pública urbanística.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza que se comunica do 11 de abril dando traslado da mesma á oficina técnica municipal para a súa constancia no expediente.

(NESTE MOMENTO ABANDONA A SESIÓN O SR. LOMBA BAZ)

Lese o escrito RE 2.209 de data 28 de abril de 2014, presentado por Dna. MARIA TERESA MARQUEZ MARTINEZ, con enderezo na rúa Malteses, nº 70 da Guarda, solicitando un posto de 6 metros no mercadillo dos sábados.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado (posto nº 2).

Dase conta do escrito RE 2.114 de data 22 de abril de 2014, presentado por COMUNIDADE DE MONTES DE SALCIDOS, con enderezo na rúa Subida ó Torroso, s/n da Guarda, reiterando que se leve a cabo o acordo adoptada na Xunta de Goberno Local de 12.09.2012 relativo a unha pista ó carón da fonte de Pintán.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dase conta do escrito RE 2.019 de data 15 de abril de 2014, remitido pola FEGAMP para comunicar que a comisión de valoración reunida na Axencia de Turismo de Galicia acordou propoñer a Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira como Festa de Galicia de Interese Turístico.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 1.765 de data 4 de abril de 2014, presentado por CLUB CICLISTA DE LA FUENTE, solicitando a colaboración da Policía Local e de Protección Civil para o desenvolvemento da proba ciclista Gran Premio Cidade de Tui II o vindeiro día 22 de xuño de 2014.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

Lese o escrito RE 2.031 de data 16 de abril de 2014, presentado por D. JOSÉ ANTONIO GOMEZ RODRÍGUEZ, en representación de CONRAZONES, con enderezo na rúa Julia Vaquero, nº 2 da Guarda, solicitando autorización para dispoñer do espazo da Alamenda e dun palco para levar a cabo un mercadillo solidario o vindeiro día 11 de maio de 2014, que en caso de choiva se trasladaría ó 25 de maio.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado para a data do 11 de maio, pero non para o 25 de maio xa que ese día hai eleccións ó parlamento europeo.

Sendo as catorce horas e trinta minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.